Ateneo Ferrolán



Revista trimestral do Ateneo Ferrolán XANEIRO - FEBREIRO - MARZO 2010

ATENEA

Ateneo Ferrolán

10anos DA NOSA REVISTA ATENEA

N.º 36

FERROL

Ateneo Ferrolán

Sumario

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS **Alfonso Rodriguez, Carlos Castro Piñón, Miguel A. Alonso Diz, Luis Rapela.**

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas!
Agradecementos as empresas publicitarias pola súa confianza:
A ESCOLA DA VACA, MESÓN O ESCUDO, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA.

2010. Complétase a primeira década deste século XXI, derradeiro século para a maioría de nos. Chegamos ate aquí e chegamos bastante ben. Nunha rápida revisión son máis os acertos que os fallos, aínda que hai moito que mellorar e moito que corrixir. Dez anos de esforzos, de realidades, de avances e retrocesos, de esperanzas e ilusións, de vida e de REVISTA.

Atenea acada os seus 10 anos de existencia e quere celebrar este aniversario cun novo formato, un novo estilo, unha orixinal presentación. Por suposto, é a revista do ATENEO, é a revista de tod@s, e teríamos que recibir nos próximos meses a censura, no mellor dos sentidos, dos socios e socias que teñan algo que aportar, algo que opinar, algo que recomendar ou algo que expoñer simplemente.


Neste 2010 temos postas moitas esperanzas, moitas ilusións. A nova presentación da revista ATENEA non xurdiu de xeito espontáneo, nin por casualidade, como é natural. É o froito dunha análise, dunha reflexión e dun traballo en definitiva do grupo de persoas responsables da publicación. O resultado é o que vedes, que como queda dito está aberto ás aportacións de quenes queiran colaborar na súa mellora. Aínda quedan flocos por resolver, como non podía ser doutro xeito nas nosas actividades, e un deles é o de completar o seu financiamento. Neste apartado, non menos importante, si que poderían aportar ideas, suxerencias e propostas interesantes para dar solución ou contribuír a buscar unha boa saída a un tema de permanente anguria. Pois ben, socias e socios a poñer a traballar a imaxinación e aportar ideas que serán ben recibidas.

Neste 2010, nas próximas semanas, confiamos, cambiará o escenario da nosa sede, veremos o inicio das esperadas obras de rehabilitación dos dous edificios emblemáticos da rúa Magdalena. Pasaremos dificultades, estreiteces, agobios e toda clase de incomodidades, todos e todas, a directiva, os soci@s e os usuarios das nosas instalacións que son de todos. Pero vai merecela pena, si se cumpren os prazos previstos estaremos no primeiro ano da segunda década deste século XXI estreando unha nova, porque vai parecer nova, sede, unhas novas instalacións, un novo escenario para desenvolver con maiores posibilidades e comodidades as actividades ordinarias e outras que poderán implementarse.

Non queremos tentalo demo porque hai seis anos por estas datas escribíamos para a Revista nº 15 con grande ilusión sobre o ATENEO DO SÉCULO XXI, e…, esperamos romper o feitizo.

Co empuxe de todos, alomenos en ilusión, esperanza e boas enerxías, acadaremos o que por outra banda estamos seguros de merecer.

Ánimo e polo NOVO ATENEO.



Haberá 1000 ou 10000
primaveras mais,
pero eles seguirán
hipnotizados
pola mesma. RENER

Francisco Ayala

Francisco Ayala García-Duarte

(Granada, 16 de marzo de 1906 - Madrid, 3 de novembro de 2009)

"Son un cómico que leva anos esperando a que se baixe o telón, pero non termina de baixarse". Con estas palabras, pronunciadas en 2007, Francisco Ayala referíase a súa lonxevidade, que se convertera por dereito propio, en todo un capítulo da historia da literatura española do século XX.

Era o derradeiro supervivente da xeración do 27 e, ademais de ser membro da Real Academia Española desde 1984, tiña os premios máis importantes das letras españolas: desde o Cervantes (en 1991) ao Príncipe de Asturias (tres anos antes).

Todos os honores chegáronlle cando volveu a España definitivamente en 1980. Entón o mel do recoñecemento substituíu o fel dun longo exilio que, coa Guerra Civil, obrigouno a abandonar a súa cátedra de Socioloxía na Universidade Complutense e chegar así a Arxentina, Porto Rico e Estados Unidos.

Títulos como *La cabeza del cordero, Muertes de perro, El jardín de las delicias* ou *La invención el Quijote* ocupan xa un lugar de honor na historia da literatura. Un lugar no que as súas memorias, Recuerdos y olvidos, teñen o seu propio espazo dentro do xénero autobiográfico.

"Eu penso que todo isto non se corresponde coa miña personalidade. Eu non son vaidoso. E isto é un regalo para os vaidosos, que se volven tolos cos agasallos. Eu véxoo como desde fóra. Véxoo friamente. Paseino ben e o estou pasando ben. Pero son o mesmo. O mesmo que ría ata de si mesmo."

A literatura

"Eu digo que a literatura é o esencial, o básico. Todo o que non sexa literatura non existe. Porque, ¿onde está a realidade? Unha árbore éa porque un a está nomeando. E ao nomeala está suscitando a imaxe inventada que tiñamos. Pero se non a nomeas a árbore non existe."


"Eu escribín desde sempre; claro, primeiro serían parvadas, disparates, pero sempre estiven escribindo. O sentido da miña vida está na literatura, esa é a verdade e creo que a literatura é a verdadeira realidade. Na miña vellez descubrín que iso de literatura e realidade é unha falsa contraposición; a realidade é a literatura. A realidade real, non é real, non existe."

A infancia

"A realidade básica é a da infancia e da adolescencia, e o resto vai acumulando cousas, pero son eses tempos os que de modo tácito seguen en nós. E un pode sacar ou non sacar dese baúl."

O segredo da súa lonxevidade

"Inflúen a bioloxía, a sorte e a fortaleza de ser sincero consigo mesmo... A mala conciencia inquieta e non deixa vivir. Se un non obrou ben pode que viva atormentado. E eu non teño nada do que arrepentirme."



Ayala segundo Ayala

"Un novelista, no sentido de creador... Na última fase da miña obra rompín as fronteiras entre a imaxinación e a experiencia. Non hai fronteiras."

Granada

"¿Que qué significa Granada para min? A nenez e a adolescencia deixan unha marca indeleble que configura á persoa. A miña marca, para sempre, é granadina, andaluza."

A morte

“Case que desde que nacín tiven conciencia da morte, esa fatalidade que tarde ou cedo a todos nos afecta. Hai que aceptala, guste ou non guste. As veces puiden entender aos que se suicidan. Incluso os puiden respectar. Pero xa aguantei todo o que tiña que aguantar. E non foi pouco.”

O exilio

“O exilio é un horror, ninguén o dubida, é un sentimento insoportable. Pero a realidade para min foi outra, moito menos dura. De entrada, a maioría dos españois que fomos a América subimos de categoría profesional, os profesores de instituto eran catedráticos, éramos un exilio privilexiado. O obreiro cambiou o cocido polo bifé arxentino. Si, detalles materiais, pero reais. Así que nada de chorar penas, nada de vítimas, nada de pobre exiliado.”

“Eu quería integrarme na nova realidade e non enquistarme como tantos fixeron. Non quería ser un deses republicanos de café, dando voltas ao pasado, pensando obsesivamente en un regreso que, cando menos, parecía bastante incerto. Eu non quería pensar en volver a España en moito tempo, quizabes nunca. Sabía que nunca podería regresar á España que deixei, que volvería a outra España moi distinta á que vivimos. Sorprendíanme moitos compatriotas que cada día soñaban con volver mañá, regresar aos seus mesmos postos. Eu non quería que me pasara o que a un antigo amigo, a un coñecido escritor, que despois de ter feito a súa carreira en América, volveu e sentiuse desencantado porque aquilo que veu xa non era o que deixara. ¡Pero que se pensaba, nin ao día seguinte sería o mesmo que deixáramos!”

Inmortalidade

“Non, non creo na inmortalidade, oxalá. Creo na literatura, que é o mesmo que a vida para min. Vivirei algo máis nos meus libros, durante algún tempo, e xa está. Esa é toda a inmortalidade á que aspiro.”

Felicidade

“¿Que se fun feliz? Eu non teño unha escala para medir a importancia das cousas na miña vida, ou para dicir foi mellor isto ou estoutro. Pero si podo dicir que este momento no que estou con vostedes é un momento de felicidade para min; que haxa tantas persoas interesadas no que son eu e no que foi e será a miña vida, emocióname.”

O Quixote

“Empecei a falar con esa linguaxe, de pronto, para increpar aos supostos inimigos, que poderían ser os meus curmáns, os meus irmáns; empregaba palabras grosas, insultos que resultaban extemporáneos, non tiña nin idea do valor daquelas palabras. Unha vez preguntoume a miña nai: ¿De onde sacaches esas palabras...? Dese libro. Sorprendeuse, non se imaxinaba que estaba lendo o Quixote. Eu tería uns doce anos.”


O cine

“Para min o cine é unha das máis importantes expresións que tivo a expresión da cultura no pasado século. O cine e a miña vida foron inseparables, o foron desde o comezo e o é até agora. A primeira vez que fun ao cine a lembro, nun cine da Gran Vía granadina ao que fun coa miña nai. A película era La bestia humana, baseada na novela de Zola. A actriz era a estrela italiana Francesca Bertini, que aparecía na pantalla nun primeiro plano e bafexando, ah, ah, ah, e entón eu dicíalle a miña nai: ‘Mamá, esa é a besta humana’, e ela dicíame: ‘cala, parvo’. Os recordos infantís son moi vivos, persisten, son misteriosos. Un pódese esquecer do que comeu onte, pero recorda una comida de hai noventa anos.”

O seu recordo

“Que me recorde cada un como lle dea a gana”

Ilustración Luis Rapela


Ateneo Ferrolán

QUERES ENSAIAR
QUERES ACTUAR
QUERES EXPONER
NO ATENEO

www.ateneoferrolan.org

FALAMOS DE...SERVIZOS ATENEO 9

No **Ateneo Ferrolán**, sabendo da falta de espazos para os ensaios dos grupos locais e comarcais no ámbito da música e das artes escénicas poñemos a vosa disposición o **noso auditorio.**

O **Ateneo Ferrolán**, querendo acadar un mellor xeito de colaboración e apoio á difusión das diferentes formas de expresión artística, pon á vosa disposición as súas **Salas de Exposicións.**

O **Ateneo Ferrolán**, querendo acadar un mellor xeito de colaboración e apoio á difusión das diferentes formas de expresión artística, pon á vosa disposición o seu **Auditorio** con capacidade para **100 persoas** [Sentadas] e preparado para conferencias, proxeccións de cine e vídeo, pequenos concertos e actuacións.
· 100 Butacas [acolchadas e fixas].
· Tarima de 6m x 2,40m.
· Proxector de video.
· Pantalla de proxección de 4 m x 2m.

Temos equipa de amplificación propia.
· 2 Bafles B-215 Eurolive de 800W.
· 2 Monitores B-215 Eurolive de 800W.
· 3 Micrófonos Dinamicos SHURE.
· 3 Pés de micro.
· 1 Rack Amplificador EUROPOWER PMP1280S. 1200 wat.
10 chanel powered mixer with dual multi-fx. Processor and FBQ.



De estar interesado/a, ponte en contacto con nós:

E-mail: secretaria@ateneoferrolan.org

Telf.: +34 981 357 970

Fax: 981 354 098

Dirección Postal: Rúa Magdalena 202-204, 1º.

CP.15402 - FERROL (A Coruña)

Publicado por Ateneo Ferrolán para Ateneo Ferrolán el 11/18/2009 01:09:00 PM

Ateneo Ferrolán

Queres ensaiar no Ateneo Ferrolán?

Local de ensaio libre



Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

Ateneo Ferrolán

ATENEO FERROLÁN
PATRIMONIO DA NOSA CIDADE

"UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA DENDE 1879"

COLABORA CON NÓS FICHA ALTA SOCIOS/AS ADULTOS 8 - MENORES 4 .

SOCIO Nº ____________ COTA _______ DNI ____________________________________

1ºAPELIDO________________2ºAPELIDO_________________NOME________________________

ENDEREZO ____
____

POBOACIÓN_______________ CP __________ PROVINCIA_____________________________

TELÉFONO_____________DATA NACEMENTO_____________PROFESIÓN___________________

CORREOELECTRÓNICO ____
____

BANCO ____
______

Nº CONTA (20 díxitos) ____
____

Envía estes datos ao ATENEO FERROLÁN

¡PÁSAO! ¡ AUTONOMÍA É LIBERDADE!

Ateneo Ferrolán

CALDERETA DE HONRA 2009 AO ATENEO FERROLAN

Un ano máis, e xa van catro, "Lefre de caldereta" organiza a súa cea aniversario por volta de finais de decembro. Coma nos anos precedentes, a asociación aproveita esta xuntanza de socias e socios, de amigos e amigas, para render honores, para homenaxear xentes da nosa contorna pola súa actividade.

CEA 4º ANIVERSARIO
A. C. Lefre de Caldereta
ENTREGA DE PREMIOS

Lefre de Caldereta de Honra 2009 — Ateneo Ferrolán

Lefre de Caldereta do Ano 2009 — Rosa Aneiros

O COCIDO DE LEFRE

LUGAR: Restaurante "La Nueva Frontera" (A Malata)
DÍA: Sábado, 19 de decembro. **HORA:** 21:30 h.
PREZO: 25€.

RESERVAS:
Telf: 619 804 677 ou 696 915 939
Correo-e: lefre@lefredecaldereta.com

Este ano a *"caldereta de honra 2009"* irá parar á asociación cultural decana da nosa cidade, o **Ateneo Ferrolán**. O Ateneo, fundado en 1879, foi e é, como di o seu lema actual, "un lugar de encontro para a cultura". A sede do Ateneo está nun edificio histórico do barrio da Magdalena, restaurado polos arquitectos ferroláns Alfredo Alcalá e Francisco Iglesias, e sofre na actualidade un estado de abandono e de precariedade que pon en perigo o éxito da rehabilitación xa aprobada pero lamentablemente aínda non executada. A nosa distinción pretende, humildemente, urxir a intervención sobre as instalacións para defender o patrimonio de todos os ferroláns e de todos os amantes da cultura. Por outra banda, queremos que o noso recoñecemento chegue a todas e a todos os que participaron na recuperación da institución dende a chegada da democracia. Desexamos que o día 19 sexa un día para que todos os que participamos como directivos, como socios, como colaboradores, como intervenientes… nos sintamos agasallados por termos cada un de nós achegado o noso gran de area para que esta institución cultural da comarca siga viva e producindo froitos. Xa que logo, os "lefres" convidamos a todos os "ateneístas" a que veñan á cea e a que se sintan parte desta merecida, aínda que sinxela e humilde, homenaxe.

Para a *"caldereta do ano 2009"* os lefres este ano reparamos na actual galardoada polo premio Xerais de narrativa 2009 e mais polo premio de literatura infantil e xuvenil da Fundación Caixa Galicia tamén deste ano que remata. Falamos da escritora e xornalista **Rosa Aneiros**. Nada en Meirás, no Concello de Valdoviño, Rosa leva anos destacando nas nosas letras e este ano por partida dobre. Para o xurado do Premio Xerais 2009, "*Sol de Inverno* constrúe un mundo simbólico e máxico polo que deambulan seres entrañables para crear un relato de pulso vagoroso, que reborda nun potente río de historias. A memoria do exilio, as súas voces e as súas feridas, que Inverno debe lamber unha e outra vez, marcan o pulso desta novela que destaca pola rebeldía dos personaxes na defensa dos ideais e da xustiza". Nós, ademais, sentímonos máis dunha vez moi próximos ás terras que pisa Inverno, á súa aldea natal, Antes, e á súa contorna. A nosa comarca vese reflectida na comarca ficcional. Desexamos que Rosa sexa tamén profeta na súa terra e por iso para ela vai a nosa caldereta do ano.

XIX CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" 2009

En Ferrol a 8 de novembro de 2009, no Teatro JOFRE, o XURADO cualificador do 19º Concurso Internacional de Gaita Galega "Constantino Bellón", integrado por :
· *Víctor Fernández Gabeiras*
· *Xabier Rodríguez Fariñas*
· *Pablo López Torneiro*
· *Xoán Rodríguez Silvar*
e actuando como secretaria sen voto, *Cristina Meizoso Alonso*, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de tódolos gaiteiros finalistas,

Acordan outorgar o **Premio SEIVANE** que consiste nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición (punto g) correspondente ao "Gaiteiro de Soutelo" a :

ERICK ALEXANDER CORRENTE ESPINOZA

Acordan outorgar dous accésit de 1.000 € cada un a:

PEDRO ALVAREZ FARIÑAS
GONZALO MANUEL ABELAIRAS LEMOS

Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o **PREMIO ÚNICO** de 3.000 € deste 19º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ

O Xurado quere facer constar o importante nivel de calidade acadado por tódolos finalistas seleccionados para este Concurso internacional de Gaita Galega na súa décimo novena edición.



Ateneo Ferrolán

ARTIGOS LITERATURA

LITERATURA IMPRESSA, LITERATURA DIGITAL... E A LITERATURA ORAL?

Por José Luís Foneiro

Preocupa, nos últimos tempos, o futuro da literatura, fundamentalmente a leitura como actividade e a sobrevivência do livro impresso como objecto. Assi, alguns consideram que o mundo actual é incompatível com a cultura livresca em que se alicerça o saber de Ocidente desde a Idade Moderna, no entanto, outras vozes, como a do ex-reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Dario Villanueva, som mais optimistas, uma vez que "os livros electrónicos ou portalivros" parecem garantir a sobrevivência do livro "tradicional" num outro suporte, além do facto de nunca se ter lido e escrito tanto como nos nossos dias. Nom faltam razons a ambas as perspectivas,, pois, se bem quantitativamente a produçom escrita e a leitura tenhem crescido enormemente nas últimas décadas, qualitativamente a cultura "culta" tem piorado no mesmo período, já que, em geral, as camadas supostamente mais ilustradas lem menos e pior. Hoje a reflexom que propiciava a leitura individual e silenciosa do livro impresso está a ser substituída, em boa medida, por umha cultura mais dispersa e superficial transmitida polos meios audio-visuais e digitais Na maioria destas análises sobre as interrelaçons das tecnologias audiovisuais e electrónicas com a literatura impressa parece como se esta se encontrasse perante novas realidades pola primeira vez na sua história, quando muitos destes fenómenos considerados tam modernos som bem conhecidos junto dos historiadores da leitura e dos estudiosos das literaturas populares. Até o aparecimento do livro no século XV a literatura era transmitida por via manuscrita ou oral e desde logo estas manifestaçons literárias tradicionais passárom para o papel impresso, mas este facto nom significou, nem muito menos, que a literatura impressa substituísse totalmente às formas precedentes. As três coexistírom, em maior ou menor medida, desde aquela altura dependendo do momento histórico e da classe social. Assi, a literatura manuscrita gozou de boa saúde durante a Época Moderna entre os ambientes letrados, quanto à literatura oral, inerente ao ser humano como ser que fala, a sociedade contemporánea diferenciou o folclore urbano do folclore rural, que conservou géneros (como a poesia e o conto tradicionais) compartidos até o século XVIII por todas as classes sociais. Nas relaçons entre as literaturas oral, manuscrita e impressa podemos comprovar como os novos fenómenos nom o som tanto. Agora o livro electrónico imita o formato do livro impresso, da mesma maneira que este antes herdara as capas e outras características do livro manuscrito. Os intercâmbios entre a produçom impressa e os meios electrónicos, como os livros que passam a e-books ou os romances ou blogs publicados na internet que depois som impressos, tampouco som realidades tam novidosas, pois nom só alguns textos orais e manuscritos mudárom de via de transmissom a partir do século XV. Muita produçom impressa foi transmitida a partir dessa época de maneira oral ou manuscrita (lembremos a carestía do livro até há poucas décadas), e, por outro lado, conservárom-se em versons manuscritas ou impressas composiçons da tradiçom oral, tradiçom que também acolheu textos manuscritos e que nos nossos dias está a receber novos textos transmitidos pola internet como som as lendas urbanas. A imprensa iniciou um processo em que os textos literários escritos fôrom perdendo progressivamente a abertura no nível da expressom, ficando só a abertura no nível do conteúdo, isto é, na interpretaçom. Assi, a dupla abertura dos textos só se mantivo na literatura de transmissom oral e como esta desde a Ilustraçom perdeu todo o interesse entre os ambientes letrados (salvo raras excepçons), a literatura ficou só identificada com os textos impressos, caracterizados pola sua fixidez e por ser expressom da personalidade individual dum autor. Neste estado de cousas, hai uns meses o escritor galego em castelhano Agustín Fernández Mallo considerava a literatura fanfic, que permite



que os leitores acabem ou recriem na internet as suas narrativas preferidas (Harry Potter, por exemplo), como umha clara amostra de pós-modernismo; porém, nom hai nada mais velho e, ao tempo, mais actual que esta dupla abertura, tam praticada polos camponeses nos textos literários que tenhem transmitido durante séculos até os nossos dias. Nom surprende que o último autor de moda nom conheça a realidade da literatura oral, erroneamente associada a tempos afastados e ao mundo camponês, mas parece mais grave o seu quase total desconhecimento nos âmbitos científico e criativo. Se a lingüística moderna nasceu quando atendeu antes à língua oral que à língua escrita, fica fora de toda a lógica que a literatura oral, que, ademais, tem predominado durante toda a história da humanidade, seja totalmente ignorada, quando nom desprezada. Sirva como amostra deste desconhecimento o facto de que num recente debate sobre a existência da literatura universal entre escritores, críticos e professores universitários num jornal madrileno, ninguém se lembrasse da universalidade da literatura oral, quando a literatura comparada começou com a análise de composiçons orais. Na Galiza dos últimos anos a produçom literária impressa ou digital tem recebido a atençom, e mesmo o mimo, dos diversos âmbitos do que se costuma denominar "o sistema literário", em troca, a literatura oral continua no esquecimento do costume. No meu parecer, a literatura galega só será plenamente moderna, que nom actual em termos de Juan Goytisolo, quando junte as manifestaçons orais e populares aos textos literários transmitidos através dos meios impressos e electrónicos, para isso será preciso tanto a atençom dos escritores e do mundo universitário, quanto os investimentos das instituiçons públicas e privadas, pois a complexidade deste tipo de literatura exige notáveis esforços materiais e intelectuais. Deste modo, poderá começar a ser ultrapassado o amadorismo que costuma estorvar os estudos deste tipo de literatura, amadorismo que nos últimos tempos viu-se acrescentado pola presença de certos antropólogos que disfarçam o seu total desconhecimento de autosuficiência académica, em palavras de José Manuel Pedrosa, umha das maiores autoridades contemporáneas no saber literário tradicional hispánico.

ENSINO PÚBLICO NA FAVELA (3)

Por Carlos Castro Piñón

Obstáculos educacionais para a saída da marxinalización na periferia dunha megacidade

"Eu tirei meu cu da reta".

A unha escola de favela, na periferia, chegan os profesores que non conseguiron vagas noutras. Son os que menos puntos teñen na rede. Se asociamos prestixio e calidade a puntos, deduciríamos que son os menos competentes. Até o 2008 os días de aula por ano, incluídas reunións de Consellos de Clase, estaban estipulados en 200. Por Lei, un profesor tiña dereito a se ausentar até 100 de forma discontinua sen perder os seus dereitos. As ausencias só significaban un lento progreso na súa puntuación dentro da lista de profesores estaduais e a mingua do salario. Agás se tratar dun asunto grave, unha ausencia debe ser comunicada con días de anticipación e deixar programada a materia e o método que vai ser desenvolvido por un profesor eventual. Na rede do Estado un profesor pode ministrar aulas en diversas escolas. Antes de comezar o curso, en cada escola, os profesores con vaga fixa (*efetivos*) escollen o número de horas que lles corresponden por *curriculum*, hai un día marcado para eles organizaren os horarios e escolleren as salas de aula que legalmente lles corresponden. Os restos fican para licenciados con menor puntuación que aínda non gañaron unha vaga fixa e a súa escolla (*atribuição*) faise nas DE sobre as vacantes que ficaran; son os *professores temporários* que non pasaron un concurso, tecnicamente chamados *Ocupante de Função Atividade* (OFA). Existe unha clase máis, a dos *eventuais*, licenciados ou alumnos de último ano de carreira que acordan a súa presenza cos directores para, no caso da ausencia temporal dalgún dos anteriores, facer a súa substitución tendo a súa retribución salarial mensual marcada por esas horas específicas de traballo. A situación laboral e prfisional dos eventuais é terrible. Son inexpertos; nestas escolas acostuman ser profesores do barrio que proceden de universidades privadas de baixo prestixio; teñen carencias nos seus coñecementos; están submetidos ás corruptelas dos coordenadores pedagóxicos, cando estes non colocan a *bolinha* (falta do titular ao traballo) no libro de frecuencias, a súa actuación como substitutos non fica reflectida polo que non reciben compensación salarial por esa hora de traballo; cada día que van á escola descoñecen se van ter algunha aula que dar. Nestas circunstancias é normal atoparse con



casos de eventuais que entren dentro desa rede de corruptelas. Se foren afíns á coordenación, e aceptaren non cobrar as aulas nas que reemprazan aos máis próximos ao coordenador, serán recompensados cun maior número de aulas cubrindo outras faltas no futuro. Isto funciona se o resto dos eventuais menos favorecidos non denuncian a situación na directoría. Unha denuncia deste tipo sería excepcional pola desconfianza e polo descoñecemento do eventual. Cando un eventual fai unha substitución, non fica amparado pola programación do profesor ausente. Na maior parte dos casos as ausencias non son comunicadas anticipadamente; a distribución dos eventuais serve para manter aos alumnos dentro da sala de aula; con algunha frecuencia dáse o caso de que o eventual se limita a dar unha aula básica que nin se corresponde



coa súa titulación. Imaxinemos o caso dunha clase de matemáticas de 3º do Ensino Medio, o último curso do noso antigo bacharelato, impartida por unha licenciada en Educación Física. Ás veces o absentismo laboral dos profesores complica tanto o programa do día que un eventual, ou un profesor libre de aula nese momento, teñan que ficar vixilando dúas e até tres salas co subsecuente descontrol e reclamacións de alumnos que entenden ser víctimas dun sistema que lles impide saír da clase para buscarse a vida, e que non lles aporta coñecementos. Os alumnos do EJA, xeralmente máis críticos, son os que peor sofren esta situación porque asisten á escola a última hora, na volta dos seus traballos, sentíndose estafados debido a que nin lles ensinan nin lles deixan ir a descansar. Se un alumno, maior ou menor de idade, logo de ter rexistrada por lista a súa entrada no centro, sae fóra de horario e acontecéndolle algo, a dirección podería ser punida gravisimamente. Nunha escola de favela, por seguranza, no horario nocturno, non se debe permitir a saída de alumnos sen estar acompañados en prevención de sufriren calquera atentado contra as súas persoas. Na noite, polo xeral, as escolas só permiten saídas colectivas dunha ou varias clases xuntas.

No primeiro cuarto de 2007 José Serra, o gobernador do Estado, e a súa secretaria de educación, María Helena Guimarães de Castro, comezaron unha reforma educativa- que afecta ao persoal contratado nas escolas para a administración e, posteriormente, atinxindo ao profesorado mediante probas de capacitación- aproveitando o malestar entre os educandos e as súas familias, as deficiencias non melloradas polas DE e dentro delas, e a falta de corporativismo do sector no ámbito estadual favorecido, ou como consecuencia, da pouca eficacia que acostuma ter o seu *Sindicato dos Professores do Ensino Oficial do Estado de São Paulo*, a APEOESP, liderado por Maria Izabel Azevedo Noronha. En quince meses, malias baixas prestacións laborais ou a pésima organización do traballo, pasando parte do día indo de escola en escola, onde tiveran conseguido as súas horas de traballo anual, fixeron dúas paralizacións con pegada nos medios de comunicación, de escaso seguimento por parte dos afiliados. Nelas, ademais de nos seren escoitadas as súas reivindicacións, foran incapaces de parar a posta en marcha do mecanismo de renovación que poderá deixar a moitos sen traballo.

É difícil conseguir harmonizar o dereito a unha educación de calidade mínima para todos os cidadáns cos dereitos laborais de profesionais que chegaron lexitimamente aos seus lugares de traballo. Unha nefasta lei que abriu as portas a calquera desde as facultades, moitas delas privadas, e deixou un exceso de profisionais mal formados dentro da rede na época do Fernando Henrique Cardoso. A educación fraxilizouse. Creáronse infraestructuras, equipáronse escolas pero as dotacións non foron acompañadas dunha ocupación responsable e competente para ministrar o coñecemento. Atopábamos profesores de matemáticas que -a alumnos de 2ª serie do ensino medio- lles ensinaban regras de tres e quebrados porque non sabían explicar operacións máis complexas; profesores de bioloxía para os que unha experiencia na natureza non saía dos límites do Parque do Ibirapuera; profesores de inglés que descoñecían que o presente da terceira persoa do singular do verbo *to go* é *goes*, profesores de língua portuguesa que confundían "c" con "s", ou de literatura que nunca leran unha obra completa do Machado de Assis ou do Drummond de Andrade.

Durante máis dun ano entrando na sala de profesores, convivindo con eles, nunca cheguei a escoitar unha conversa profesional, as únicas consideracións que escoitei sobre alumnos eran de carácter sancionador. O envío de alumnos de 5ª e 6ª serie que baixaban castigados á directoría era diario polos problemas máis simples: por cuestionamentos ao profesor, por dar un grito, por non facer as tarefas, por provir da FEBEM (*Fundação Estadual do Bem-Estar do Menor*, reformatorios estaduais) e o educador non querer alumnos con eses antecedentes na sala de aula...

É curioso observar como a APEOESP non recoñece a falta de capacitación de moitos dos seus afiliados, e tampouco reclama solucións á falta de coñecementos dos profesores para non teren que ser expulsados do sistema, procurándolles unha capacitación profesional non traumática. Isto parece irreal mais é consecuencia lóxica de non recoñecer o primeiro enunciado. Non é infrecuente que moitos rapaces cheguen aos doce anos sen saber escribir, ou sen saber sumar e restar. Iso non escandaliza nin ao Sindicato, nin aos propios docentes que nunca se sinten responsables das falencias. Para estes o máis importante, na hora dos problemas, é *"tirar o cu da reta"*, é dicir, ficar exentos de responsabilidades. Nunca, dos acordos tomados nos *Conselhos de Escola* celebrados no meu centro, saíu unha proposta pedagóxica. Só a celebración do chamado *provão* para examinar aos alumnos no primeiro trimestre, perseguido polo goberno do Estado diante da presión mediática.

Por riba, e disto tamén habería que responsabilizar ao Estado, os profesores non traballan na proposta pedagóxica dos seus establecementos de ensino, simplemente desaparecen, non entregan contidos para a mesma, aínda que estean obrigados a participar nela polo artigo 13, Inciso I da LDB. A miña escola entregou por vez primeira a súa proposta pedagóxica logo de sete anos da súa fundación. Con todo, asistín asombrado ás críticas feitas pola coordinadora pedagóxica do diurno, aludindo que fora desenvolvida á marxe dela e do profesorado. Lembremos que a coordinadora levaba no centro desde as orixes e nunca se preocupara, igual que os supervisores, de reclamar ese documento básico.

Como exame para o primeiro trimestre celebrouse, como dixen, o chamado *provão*. Representou un verdadeiro estímulo para a maior parte dos profesores e alumnos. Chegou a crearse un clima de superación, de responsabilidade, e de vontade de saberse diante dunha proposta non exenta de carácter competitivo. A proba consistía en cinco preguntas tipo test por materia, cada pregunta daba a opción a escoller entre cinco respostas. Este foi un dos momentos onde, con evidencias, comprendí a falta de competencia de moitos educadores, da falta de dominio das súas materias. Desde a Secretaría, fixen a proposta de que se unificaran os formatos dos textos comprometéndome a teclealos para que o alumno recibira un produto homoxéneo no que se examinar, dar unha imaxe máis compacta da escola e de rigor no seu traballo. Profesores de química que facían preguntas sen respostas, de xeografía con preguntas inintelixibles, de lingua portuguesa con erros ortográficos e o caso dunha de inglés que, para tres enunciados dunha das súas probas, ofrecía como respostas as cinco posibilidades incorrectas. Falando con ela recoñeceu que non sabía nada de inglés. Cada unha das tres quendas celebrou o *provão* en días diferentes, dándose outro disparate: a coordinadora pedagóxica do período diurno entregou as probas de 5ª serie para os de 6ª e as de 6ª para os de 5ª. Só no seguinte día decatouse do erro ao iniciarense as correccións polos distintos profesores nos gabaritos. O que podería desencadear unha polémica interna ficou apagada pola externa. Desde a DE chegouse a prohibir a validez desa proba e recomendar ocultala. Desde os medios de comunicación comezaron a lanzarse denuncias sobre a contradicción de que o ensino público esixa contraprestacións económicas aos alumnos para a realización de probas. No Consello de Escola acordárase cobrar dous reais a cada alumno para poder pagar as fotocopias de todos os tests. A DE, logo da orde da Secretaría de Educación, obrigou a devolver o diñeiro a cada examinado co que, ao mesmo tempo, acabou coa conta de recursos propios do centro, imposibilitando a realización de excursións gratuítas no primeiro semestre.

Non só o profesor é responsable da súa situación, o salario e as condicións de traballo axudan a crear desidia. A escritora, Cláudia Canto, na realización dun artigo sobre a situación das escolas no leste da cidade, logo de entrevistar a un alumno sobre o que significaba para el a escola, recollía esta resposta: "É un lugar onde os profesores fan que ensinan e os alumnos fan que aprenden". O profesor non só é responsable de caer nese nihilismo refuxiándose na súa situación laboral, tamén é, nas escolas de favela, de crerse máis do que realmente é, de ter a coraxe de asumir unha función para a que moitos non están ben preparados e non teñen vontade para aumentar a súa calidade profesional, e de facer menos do que se atribúe como propio. É reponsable de, na súa desidia, acabar perxudicando aos estudantes pobres da periferia ofertándolles unha pésima formación que non lles vai permitir competir nen chegar un día a universidades recoñecidas, malia que públicas, como a USP.

Moitas cousas teñen que mudar na vida do educador aquén de cuestións salariais. Na súa xustificación hai que recoñecerlle o absurdo de ter que andar, cada día, perdendo parte da súa xornada de escola en escola. Non é normal que os profesores estaduais brasileiros, no reparto de salas, teñan que nomadear por varias escolas sen conseguir fixar un único local de traballo. Case todos eses -arredor de 77- profesores da miña escola tiñan aulas polo menos noutra, ou noutras dúas, sendo a súa vida unha andaina para entrar nos seus horarios, o que fomentaba, sobre todo en épocas de chuvias, o absentismo, ou que con certa frecuencia, sobre todo porque a maior parte deles non dispuñan de automóbil, chegaran tarde ao comezo das súas aulas ao dependeren do *ônibus*.


Na actualidade os conflitos danse entre a Administración Serra e os profesores. O gobernador do estado iniciou a reforma educativa desde o *Palácio dos Bandeirantes*, sede do goberno estadual, coa intención de mellorar o nivel do profesorado nas súas escolas. A APEOESP non conseguiu parar as medidas e moitos dos seus afiliados poden pensar en procurar unha nova profesión nos próximos anos. Os profesores tiveron que pasar unha proba de capacitación que avaliaba os seus coñecementos. A nova normativa sobre asistencia reduciu considerablemente os 100 días (metade do curso) nos que un profesor pode faltar sen perder a súa vaga, e de cara aos novos, serán avaliados permanentemente durante os tres primeiros anos para calibrar a súa condición profesional.

"Como um "gringo" vai me impedir entrar na Secretaria e abrir as gavetas?"

No Brasil os cursos correspóndense cos anos naturais. Decembro e xaneiro son, polo tanto, os meses das matriculacións, que coinciden cun dos períodos vacacionais do profesorado. As directrices da Secretaría de Educación establecían que o número de alumnos por sala non poderían exceder os 30, no caso do Ensino Fundamental e 38 no Medio. Debido ao movemento imprevisible de persoas na nosa favela, xeralmente desde o nordeste do país, esas cifras acababan sendo sobrepasadas e as salas eran ocupadas por uns 35 no primeiro caso e até 48 no segundo.

Para elaborar o censo anual de alumnos, antes da miña chegada había dúas funcionarias que preenchían a man os documentos. Comprobei co paso do tempo que as dificultades desta escola eran comúns a outras. As dúas funcionarias carecían de coñecementos especializados, unha delas proviña dunha escola próxima, o Mário Arminante, tamén do sur da cidade, no Recanto Campo Belo da subprefeitura de Parelheiros, a uns 20 minutos de automóbil se non houber trânsito. O traslado de escola non se efectivou oficialmente, simplemente foi por acordo entre as directoras aplicando o *jeitinho brasileiro*. Abandonaba o seu posto de traballo inesperadamente, ausentándose por períodos de até tres meses motivados pola súa afección ao candomblé. Había días que deixaba a secretaría durante varias horas regresando cun saco no que se percibían os movementos dun galo, ás veces coellos, que acabarían degolados nun *terreiro*. A outra funcionaria fora *ascendida* pola anterior directora. Comezara a traballar na escola facendo servizos de limpeza mais, como se precisaba persoal na Secretaría, un bo día déranlle a responsabilidade de matricular alumnos, clasificar e revisar documentos. Tiña escasos coñecementos informáticos, acostumaba a chegar tarde e saír na hora. Malia que está prohibido para os funcionarios, montou o seu pequeno negocio de venda de chocolates, caramelos e chicles a alumnos e profesores. Levaba un bolso cun amplo surtido. Seino por unha anécdota. Un día preguntoume se me gustaban as chocolatinas. Respondín que si pensando que o facía por cortesía para convidarme a algunha. Había bastante traballo, estabamos cara ao público atendendo ás matrículas do segundo semestre de 2007 para os alumnos do EJA. Eu tinha que corrixir un documento a man para o que precisaba *Tipex*, que no Brasil chámase *branquinho*. Falei para ela: - *Nice, tem por aí um branquinho?* Para minha sorpresa, achegouse con aquel bolso, abriuno diante da miña cara e, mentres remexía naquelas *guluseimas*, falaba: - *Branquinho não tenho, não, mas pode pegar outro, Seu Carlos*. O *branquinho* ao que ela se refería era o chocolate.

Un día a señora da macumba deixou de vir, telefonouse para a súa escola de dereito que non tiña que voltar, non se ía contar máis con ela; pouco despois a vendedora das *guluseimas* quixo completar os seus estudos e tamén saíu. No segundo semestre pasaron tres rapazas máis da propia favela co Ensino Medio concluído, ex-alumnas da escola, pero ningunha tiña condicións, nunca traballaran con documentos, non tiñan





coñecementos informáticos e a súa ortografía era deficiente. Ese exemplo dános a idea do nivel de competencia que pode ter calquera educando formado neste tipo de escolas. Ao final, o traballo da secretaría sacouse adiante porque a directora pasaba as súas horas axudando e porque unha profesora eventual daba o seu apoio nos seus tempos libres, e ás veces case todo o día.

A pobreza das *verbas*, as partidas destinadas para pagar aos contratados e ao persoal de servizos, incluso os salarios estipulados para quen ten gañada a oposición á Secretaría, que pode ter pluses dependendo da cualificación da escola pola súa perigosidade, non axudan a mudar o panorama deste tipo de funcionarios. Os directores saben que as Secretarías son a alma dos centros, alí centralízase todo. O secretario é o responsable para colocar as notas definitivas logo da aprobación das mesmas nos Consellos Escolares, ten que estar informado a cada hora das convocatorias para directores, coordinadores e profesores que cada DE coloca na páxina web ao longo do día, e dar os avisos a quen corresponda, ten que atender ás matrículas e transferencias que se producen durante o ano reflectíndoas non só no programa informático do goberno, senón tamén nos libros que as escolas teñen para esa finalidade, ten que ter baixo control todos os documentos dos alumnos que pasaron polo centro, e loxicamente as listas das aulas sendo informado das modificacións internas a través dunha relación directa cos coordinadores pedagóxicos.

A peculiaridade do sistema administrativo brasileiro aplicado ao control do traballo na educación provoca conflitos entre o profesorado e o persoal da Secretaría por causa do pagamento. Agás nas escolas que consigan contratar un contador, como era o caso da miña, o responsable de comunicar as frecuencias mensais dos profesores nas DE é o secretario. Cada profesor, cando asiste á súa aula, antes de saír da escola debe asinar a súa presenza no chamado *Livro de Ponto*. Moitas veces non o fan e, cara ao final da semana, ou do mes, é cando o preenchen de memoria. Ás veces non coinciden cos rexistros dos coordinadores pedagóxicos, que en última instancia -ou no seu caso o director ou o seu vice- anotan observacións sobre cada xornada que poden invalidar a materia do profesor como frecuente. Fora diso, o realmente grave é que existen ocasións nas que un secretario esquece levar a documentación de frecuencias dalgún dos profesores á DE, ou a leva con erros, co que o educador ficará sen salario mensual, ou no mellor dos casos, sen unha parte do mesmo, malia que se lle pagará, no seguinte, cando sexa presentada esa documentación. Todos os meses hai varios problemas deste tipo nas escolas e Administración non é capaz de reformar os mecanismos que eviten ese tipo de prexuízos a funcionarios que teñen rendas escasas e custos de desprazamentos para realizar os seus traballos.

As DE recomendan aos directores, coñecedores das precariedades salariais, contratar persoas da comunidade na que está inserida a escola. Por 350-380 reais ao mes no 2007, ou 425 que se ían pagar logo da reforma administrativa das escolas, entrados no 2008, ninguén que more lonxe vai ir traballar na periferia tendo que se pagar o transporte (como mínimo uns 4,50 reais por día) e a comida pois está prohibido que poidan alimentarse na escola. Unha comida de *marmitex* cun refresco pode custar por volta de catro reais. Se o custo do día o establecemos en 8,50 reais e temos que ir traballar poñamos que 22 por mes, veremos que por 425 reais estamos sendo nós mesmos os que pagamos por ir traballar. Se o persoal das favelas ten pouca capacitación, pois apenas tivo formación para traballar na administración, comprenderemos o normal que resulta atopar unha falta de organización nas secretarías das escolas e a mala atención que se lle dá aos alumnos.

Cando cheguei a aquel lugar pensei que ía tolear. Todos entraban na oficina, abrían os caixóns dos que alí traballábamos, remexían neles, collían papeis ou expedientes de alumnos que logo non colocaban no lugar... Naquel caos vivín un feito paradoxal: unha inspectora de alumnos ofendeuse comigo e denuncioume á directora

porque lle prohibín remexer na documentación dos arquivos e das *gavetas*, algo que non podía facer ao estar alén das súas responsabilidades laborais e aínda máis por ter fillos na escola, podendo manipular favorablemente os seus historiais académicos. A partir daquel día, felizmente para a miña saúde mental, a Secretaría foi un espazo de traballo restrinxido.
No 2008, a *Secretária de Educação*, a devandita Maria Helena Guimarães de Castro, comezou a reforma das administracións e dos servizos das escolas. Deseñáronse dúas probas que, superadas, ían permitir o acceso a vagas durante un ano con opción a gañalas en propiedade, superando unha segunda proba un ano despois, no actual 2009. O problema desta reforma non estivo aí, estivo na planificación. As probas celebráronse en febreiro de 2008, estando pensada a ocupación das vagas a partir do 1 de marzo. Despois foi para o 1 de abril, e despois para ningunha data concreta. Todo isto provocou que moitos traballadores, sabedores de que non ían pasar esas probas, buscaron outros traballos, co que as escolas ficaron en maior precariedade no ámbito da administración, na limpeza e nas cociñas. A incorporación deses traballadores non chegou a ser total ao longo de 2008.

"Dona Vera, dá um pouco de comida hoje?"

Cando Lula chegou ao Planalto fíxoo cun lema e unha idea básica para o seu pobo: *Fome Zero*. As escolas ían ser parte importantísima na execución dese proxecto. A creación da *Bolsa Família* para grupos de baixas rendas aos que se lles xustifica unha axuda por enviaren aos seus fillos con regularidade ás escolas, ou o aumento de comedores para garantir a alimentación dese alumnado, mostráronse como argumentos máis importantes que a propia educación. A maior parte das familias faveladas teñen ingresos insuficientes, sofren o desemprego ou teñen traballos temporais non regularizados por contratos, conviven con situacións de violencia e de desestructuración familar; é frecuente ver familias numerosas e nais adolescentes con fillos non desexados, desatendidos ou colocados baixo a tutela dunha avoa que non dá conta. Para un alumno a escola garante unha comida diaria. A favela, mesmo en condicións de precariedade, ofrece para os pobres unha vivenda de baixo custo, a exclusión do sistema impositivo e o libre acceso á electricidade e a auga que rouban engadindo ramificacións aos fíos da Electropaulo conectados á rede eléctrica das súas casas, ou con canalizacións ilegais que chegan até as súas torneiras. Non teñen moito máis que tres cuartos, non dispoñen de baños, comparten o espazo con ratas porque ríos de lixo, *esgotos*, forman parte da paisaxe. A precariedade económica, a falta de referencias sobre o lugar no caso de grupos inmigrantes, a incultura ou as inestabilidades dos grupos familiares dificultan o acompañamento académico do alumno por parte dos pais. Hoxe, as favelas deixaron de estar formadas por casas de latiña, as cores dese postal vergoñento da humanidade mudaron polo laranxa do tixolo e o cinza da uralita e o cemento, pero no interior das mesmas o que non mudou é a pobreza, como salienta a escritora con máis forza expresando a realidade dos "sen nada" coa propia linguaxe dos "sen nada", a sacramentana Carolina María de Jesús (1914-1977) no suceso editorial traducido a trece línguas, *Quarto de Despejo. Diário de uma favelada* (Ed. Livraria Francisco Alves, 1960).
Se os tres elementos básicos dos que todo ser humano debe estar provisto para ter unha vida digna -comida, vivenda e roupa- non se dan, podemos entender que neste espazo a educación básica xa é un artigo de luxo.

PROGRAMACION

Ateneo Ferrolán

XANEIRO ✪ FEBREIRO ✪ MARZO

✪ **PERFOMANCE** NO AUDITORIO DO ATENEO

ANGEL FARALDO compositor e artista sonoro de ferrolterra,

13 DE XANEIRO - ás 20 horas

Presentación do seu traballo coa netlabel portuguesa friendlyvirus (friendlyvirus.org)

En xaneiro estaremos a tocar en Lisboa, Porto, Vigo, A Coruña e Ferrol.

O concerto en total son tres sets individuais de 30 minutos con ZLB (Miguel Negrão), TIMITIMINONO (David Félix) e Angel Faraldo.

MÚSICA:

A nosa música pódese escoitar e descargar gratuitamente desde **www.friendlyvirus.org**

✪ **EXPOSICIÓNS**

VI EXPOSICIÓN COLECTIVA DE ARTES PLÁSTICA **"PEQUENO FORMATO"**

Do 17 de decembro até o 14 de xaneiro na primeira planta do Ateneo Ferrolán.

Participan: ANXO ÁLVAREZ, CAROLINA FERNÁNDEZ PRIETO, FERNANDO SÁNCHEZ CHAPELA, LUÍS RAPELA, MARIBEL CABANA INSUA, MARIELVI NÍGUEZ CAGIAO, ŠPELA TROBEC, TERESA ALONSO, TERESA RUBIO, XOAN XOSÉ BRAXE

LUIS RAPELA "PAPEIS"

Do 10 de decembro ao 12 de xaneiro de 2010, na segunda planta do Ateneo Ferrolán.

A PAZ CUESTIÓN DE FONDO

Exposición con viñetas nas que se afonda en temas como a pobreza, o racismo e a violencia.

Do 18 ao 20 de febreiro de 2010

As láminas, que presentan dous debuxos en cada un dos paneis, son obra de 28 autores procedentes de 16 países diferentes. En clave visual e, nalgúns casos verbal, as caricaturas móstrannos os prexuízos que operan acerca da idea de paz, do racismo, das diferenzas sociais ou da guerra. Verdades en miniatura que retratan a sociedade contemporánea é a proposta desta exposición colectiva internacional, que non só serve de repaso á realidade actual, senón tamén como punto de debate cargado de sátira e ironía para amosar a cruenta realidade.

✪ CLUB DE LECTURA

OS PRÓXIMOS DÍAS SON: **12 DE XANEIRO, 2 DE FEBREIRO E 2 DE MARZO DE 2010, ÁS 19,30 horas.**

Dende o ano 2002 que formamos no Ateneo Ferrolán o noso CLUB DE LECTURA, segue levándose a cabo Todos os primeiros MARTES DE CADA MES.

Diferentes autores foron os escollidos para os nosos encontros como: Juan Rulfo, Gabriel García Márquez, Manolo Rivas, Dámaso Alonso, J. Sénder, Machado, García Lorca, Miguel Delibes, Julio Cortázar, Vargas Llosa, Valle Incán, Eduardo Mendoza, Sábato, Saramago, Gil de Bietna, Pío Baroja, Lendas galegas, teatro, José Luis Sampedro, Julia Uceda, ...etc.

✪ CONCERTO NO AUDITORIO DO ATENEO

O GRUPO JOCKEY'S

Sábado 16 DE XANEIRO - ás 20 horas (Entrada gratuíta)


O Grupo Jockey's fundouse no ano 1968, permanecendo en activo até o ano 1973. O seu repertorio constaba de versións do pop-rock da época e de temas propios. Algúns dos grupos versionados eran: Los Salvajes, Los Mitos, Los Mustang, Lone Star, entre os españois, e polo que respecta aos estranxeiros: Beatles, Rolling Stones, Schocking Blue, Credence Cleawater Revival, The Animals, Moddy Blues, etc. Os temas propios caracterízanse por seguir a mesma liña da música pop-rock que se facía nas décadas dos anos 60-70, e son, nuns casos, cancións melódicas tipo balada e, noutros, temas alegres e movidos. No ano 2006, catro dos seus compoñentes orixinais, xunto con dous novos compañeiros, deciden retomar de novo o grupo, co obxecto de recordar, interpretando en vivo e en directo, a música da época inicial do mesmo, así como compoñer novos temas propios, algún deles en galego. Ademais nas súas actuacións van incorporando versións de grupos do pop-rock de épocas máis recentes: Dire Straits, Los Secretos, La Guardia, Fito y Fitipaldis, etc.

www.myspace.com/grupojockey39s

FITO MANSILLA

Sábado 6 DE FEBREIRO - ás 20 horas

www.myspace.com/37grados



MARTESCINE
NO ATENEO FERROLAN - CICLO

"O CINE ARREDOR DE FOISE CO VENTO"
OS 70 ANOS DO MELLOR CINE : 1939

As proxeccións serán os **MARTES ás 19:00hs.** no Salón de Actos do Ateneo Ferrolán (A entrada é de balde)



2 FEBREIRO


ADEUS MR. CHIPS (1939)
Director **Sam Wood**
Intérpretes **Robert Donat, Greer Garson, Terry Kilburn**
Sinopse: No corazón de Inglaterra está enclavada a escola de Brookfield. A ela chega, a finais do século pasado, o novo profesor Mr. Chips. Nela transcorrerá toda a súa vida profesional como mestre de varias xeracións.

9 FEBREIRO

CABALEIRO SEN ESPADA (1939)
Director **Frank Capra**
Intérpretes **James Stewart, Jean Arthur**
Sinopse: Jefferson Smith, un home sinxelo dunha pequena cidade, é enviado como senador a Washington por un grupo de políticos que queren convertelo nunha marioneta ao servizo dos seus intereses. Smith iniciará unha batalla en solitario contra a corrupción e un grupo de senadores sen escrúpulos. James Stewart, nunha interpretación maxistral, Jean Arthur e Claude Rains protagonizan este clásico da historia do cine.



23 FEBREIRO



NINOTCHKA (1939)

Director **Ernst Lubitsch**
Intérpretes **Greta Garbo, Melvyn Douglas, Ina Claire**
Sinopse: ¡Garbo fala! Anunciábase cando a estrela do cine mudo Greta Garbo debutou no cine sonoro. Nove anos e doce clásicos da pantalla despois, a talentosa lenda do celuloide estaba preparada para outro cambio. ¡Garbo ri! Anunciaba a publicidade da súa primeira comedia, un conto espumoso sobre unha austera enviada rusa que antepón a súa condición de muller ao seu patriotismo soviético, até que se namora dun amable e sofisticado parisiense (Melvyn Douglas).

2 MARZO

TERRA DE AUDACES (1939)

Director **Henry King**
Intérpretes **Tyrone Power, Henry Fonda, Nancy Kelly**
Sinopse: Esta incrible narrativa recolle a historia do pistoleiro máis tristemente famoso do Oeste americano, Jesse James (Tyrone Power), e o seu irmán Frank (Henry Fonda), desde a súa infancia nunha granxa de Missouri, até a súa idade adulta, narrando as súas aventuras como salteadores de trens e bancos.
Entre ficción e realidade, esta impresionante narración das súas lendarias actividades delituosas está cargada de suspense e de romanticismo e apoiase nuns personaxes sabiamente debuxados, como o interpretado por Randolph Scott, magnífico coprotagonista que dá vida a un dos máis pintorescos personaxes do Salvaxe Oeste.



9 MARZO



OS VIOLENTOS ANOS 20 (1939)

Director **Raoul Walsh**
Intérpretes **James Cagney, Priscilla Lane, Humphrey Bogart**
Sinopse: Clásico do xénero que relata os diferente destinos de tres veteranos da Primeira Guerra Mundial que, tras coñecerse no campo de batalla, regresan a América tras loitar polo seu país. A pesar do desemprego e das difíciles condicións económicas, Lynn irá polo bo camiño, pero Cagney, amargado por non ter traballo nin futuro, unicamente atopa unha oportunidade no contrabando ilegal de licor. Bogart é un implacable gánster nun mundo onde a violación da lei seca implica entrar no mundo do crime.

16 MARZO

CUMES BORRASCOSOS (1939)

Director **William Wyler**
Intérpretes **Merle Oberon, Sir Laurence Olivier**
Sinopse: Perdido nunha tormenta de neve nun rochoso páramo inglés, un estranxeiro atopase con Cumes Borrascosos, a lóbrega mansión do misterioso Heathcliff, un home tan torturado por un amor non correspondido que perdeu o desexo de vivir. Mentres a treboada roxe no exterior, o esgotado camiñante escoita fascinado a triste historia de Heathcliff -o antigo mozo dos cabalos- e o seu inocente amor por Cathy, un espírito libre que nunca chegou a facer realidade a súa paixón, porque cando Heathcliff volveu na súa busca logo de moito tempo tentando facer fortuna, atopouse a Cathy xa casada cun mozo da alta sociedade.



"TODAS AS FERRAMENTAS CONTRA AS RAICES DA VIOLENCIA"

25 NOVEMBRO – DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO



Desde a **Marcha Mundial das Mulleres**, este 25 de novembro, reivindicamos a posta en marcha de todas as ferramentas necesarias nos ámbitos da educación, a cultura, o ensino, a sanidade, a xustiza, as institucións políticas, as relixiosas, os medios de comunicación, a sociedade, etc... así como a optimización e a utilización de todas as ferramentas xa existentes, que faciliten que toda a sociedade sexa quen de arrincar as raíces que sustentan a violencia machista e parar xa e dunha vez por todas as agresións de todo tipo que sofren as mulleres e as nenas. Non podemos seguir asistindo aos asasinatos de mulleres como algo que pertence á rutina informativa ou ao espectáculo mediático.

Convócase a toda a cidadanía a participar nos actos que as diferentes coordinadoras comarcais da MMM van realizar en conmemoración do Día internacional contra a Violencia de Xénero.

Axúntase cartela con deseño de Sabela Arias e comunicado completo da Marcha Mundial das Mulleres.
Máis información en **www.feminismo.info**

Ateneo Ferrolán

Land Art



O TEMPO E O ESPAZO

Por Luis Rapela
Comisario del Encontro Internacional Arte e Narureza

A tarefa artística constitúe comunmente un desafío a partir duns materiais concretos. O individuo propón e analiza a través da manipulación e a disposición u ordenación dos mesmos. O desenrrolo e execución dun obxectivo último - escultura, instalación - no que se concentran e sintetizan experiencia, circunstancia, emoción e reflexión.

O artista transforma sustancias, enseres e texturas en comunicación, non soamente para gozo persoal, senón tamén para ser compartido co público e desta maneira construír o diálogo que o feito artístico implica.

Desta forma logramos a permeabilidade do límite entre vida y arte: os artistas aínda que especializados en disciplinas distintas, e de latitudes diferentes tamén, convivindo durante varias xornadas, participando uns e outros nos procedementos técnicos, na evolución das súas respectivas obras, facendo partícipe ao público da marcha dos seus labores e dos resultados finais; así mesmo coexistindo máis alá de tempo estrictamente artistico.

Imprescindibles para el proceso creativo e para o recoñecemiento público do mesmo son siempre o tempo e o espazo. Elementos iniciais para que a proposta e a execucion da obra sigan o seu curso. Admitindo entón que a comunicacion entre artistas de múltiples procedencias ten lugar con absoluta naturalidade, posto que comparten recursos, fins e intereses. E que as condiciónsfisicas do medio onde ubicar o proceso responde con alto grao de esixencia e satisfacción - Aldea Nova - sempre un entorno envexable, un sitio para a reflexión e a convivencia.

ALFONSO RODRÍGUEZ

Houbo un día que colleron ao meu avó
Alá polo 1934 e metérono na cadea
Cando certos asuntos en Asturias estaban
Ardendo con rabia contra a explotación
Meu avó non vendía prensa de dereitas
E os obreiros ían ler outro tipo dela
Ao seu quiosco
E metérono na cadea durante quince días,
Foi o preludio de cousas infames
Que (lle) sucederían anos despois.
Hoxe díse que hai que ser obxectivos
E mirar con distancia anos de guerra,
Cárcere, emigración, represión e
Corenta anos de ditadura
Que coma quen dí rematou onte
Que había moito idealismo
Que españa era un caos
Que o bando 3republicano2 tamén 3executou2
E os máis 3ousados2 dín
Que había que poñer orde.
Orde: guerras en Africa
Orde: hitler franco mussolini
Orde: pobreza fame explotación
Orde: represión
Orde: provocar unha guerra
Orde: millóns de mortos
Orde: nenos expoliados
Orde: emigración, cárceres   execucións
Orde: ditadura
Orde: corenta anos
Orde: castración-trauma-veleno
Orde: esquizofrenia
Orde: vergoña esquecemento
Orde: transición con camisa de forza
Orde: atado e ben atado
Orde: sucesión franquista
Orde: pena de morte
Orde: tabú setenta anos despois
Orde: prazas, rúas e localidades cos
nomes de asasinos
Orde: medo sometemento alzheimer
Orde: xa quedan poucos
Orde: coleccionables dos 3dous bandos2
Orde: falemos de cousas bonitas
Orde: non se pode ser tan idealista
Orde: agora non somos así
Orde: reconciliación
Orde: bandeira roxi-gualda
Orde: monarquía século vinteún
Orde: vivíamos millor
Orde: vivimos millor
Orde: millor cada ún ao seu
Orde: o pasado pasado
Orde: vellas feridas
Orde: sigamos enterrando
Orde: val dos caídos
Orde: vergoña interior
Orde: apelidos que soan
Orde: operación trunfo
Orde: 3se sienten coño!2
Orde: selección española
Orde: himno fascista
Orde: popular e socialista
Orde: labirinto español
Orde: ano da memoria
Orde: merda final.

FERNANDO PESSOA

fp.

Música... Que sei eu de mim?

MÚSICA... Que sei eu de mim?
Que sei eu de haver ser ou estar?
Música... sei só que sem fim
Quero saber só de sonhar...

Música... Bem no que faz mal
À alma entregar-se a nada...
Mas quero ser animal
Da insuficiência enganada

Música... Se eu pudesse ter,
Não o que penso ou desejo,
Mas o que não pude haver
E que até nem em sonhos vejo,

Se também eu pudesse fruir
Entre as algemas de aqui estar!
Não faz mal. Flui,
Para que eu deixe de pensar!

FERNANDO PESSOA

Poesias Inéditas

Pálida sombra esvoaça

Pálida sombra esvoaça
Como só fingindo ser
Por entre o vento que passa
E altas nuvens a correr.

Mal se sabe se existiu,
Se foi erro tê-la visto,
Sombra de sombra fluiu
Entre tudo de onde disto.

Nem me resta uma memória.
É como se alguém confuso
Se não lembrasse da história.

1932

Ladram uns cães a distância

Ladram uns cães a distância
Cai uma tarde qualquer,
Do campo vem a fragrância
De campo, e eu deixo de ver.

Um sonho meio sonhado,
Em que o campo transparece,
Está em mim, está a meu lado,
Ora me lembra ou me esquece,

E assim neste ócio profundo
Sem males vistos ou bens,
Sinto que todo este mundo
É um largo onde ladram cães.

Ilustración Luis Rapela

Ateneo Ferrolán



MIGUEL A. ALONSO DIZ



No paro
os días nacen espidos de vida
coma camiños abandonados,
só pasado,
entre os ecos mudos da alma ferida.

No paro,
os días convidan a caída
dos beizos esgotados,
só pasado,
entre a palabra xa esquecida.

E os días tamén nacen
cegos e xordos,
sen máis fío có reflexo
dun tacto durmido.

E os días tamén nacen
fríos e lóbregos,
sen máis compaña có choro
dun recen nacido.

No paro,
soamente atopo....
un eterno deambular
entre sombras que ameazan.


No paro,
soamente atopo...
desacougo
nun labirinto sen saída

que no fin, lémbrame...
que os días no paro
nacen espidos de vida.

Un ceo para abrir camiños
Cara a un tempo sen porvir
Tan lindos os teus cabelos
Mais húmidos os beizos

Quixera non ter lembranzas
Dar un pulo encol do tempo
Ser canto deixei de ser
Logo de nova alborada

Avalón illa de orixe
Abrirán os cadaleitos
Heroes agora esquecidos
Ata fuxir de nós mesmos



FERNANDO VILABOA

Achegarme á brétema da paixón
No fondo dun segredo
Sen deixar tempo á palabra
Dos convulsos xestos

Mans ávidas por atopar
Canto hai novo

A humidade dos teus beizos
Xurde en cada aperta
Anguria na necesidade
Dende o alento
Que non deixamos fuxir
Na mañá

Cara ao abrente
Tras o fin da loita
No berce dos teus brazos
Na raiola do teu ollar

Ateneo Ferrolán

Unha única liña pode salvar un autor: procuremos liñas!

RENER



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

PORTADA2.indd 1